



BOP

MÉRCORES, 10 DE ABRIL DE 2024

N.º 083

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2024/CON_02/000023.- COSPEITO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1701 "FEIRA DO MONTE (LU-111) - MUIMENTA (LU-120)", P.K. 0+000 A 6+000.

2024/CON_02/000025.- GUNTIN - FRIOL - PALAS DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232 - O BURGO - PALAS DE REI (N-547)", P.K 18+445 A 21+370.

2024/CON_02/000026.- PARADELA - O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-4201 "PACIOS (LU-633) - MOSTEIROVELLO - LU-611" P.K. 8+083 A 11+852.

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 5 de abril de 2024.- O SECRETARIO. P.S. A Secretaria-Interventora, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 0928

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2024-0281 de 03/04/2024 resolveuse nomear a D. Manuel Vicente Galdón Couto, DNI ***9295**, persoal funcionario de carreira na categoría de Oficial do corpo da Policía Local (escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase Policía Local, escala básica do subgrupo C1) ao superar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 19 de abril de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e o curso selectivo convocado mediante resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 17 de xaneiro de 2024.

Burela, 4 de abril de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0918

Anuncio

CONTRATACIÓN DE TRES (3) AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 13.2 das xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 (BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022) faise público que mediante Decreto de Alcaldía nº 2024-0282 de data 03/04/2024 resolverse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos como auxiliar de axuda a domicilio, grupo profesional asimilado a AP, xornada a tempo parcial (30 h/semana), dos/as seguintes aspirantes:

María Elvira Cancio Paz. DNI ***0248**

Natalia Dorado Ortuño. DNI ***6113**

Sonia Pardo Rodríguez. DNI ***3574**

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Burela, 4 de abril de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0919

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 5 de abril de 2024, o expediente de modificación de créditos núm. 4 /2024, (1º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Douscentos trinta e tres mil catrocentos sesenta (233.460,00) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 5 de abril de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0929

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobado provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data de 5 de abril de 2024, o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por sumministración de auga potable a domicilio; conforme ao establecido no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónseao público na secretaria municipal polo prazo de trinta días hábiles - contados desde o seguinte da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións, entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 5 de abril de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0930

CASTROVERDE

Anuncio

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 03 de Abril de 2024, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2024:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (1º trimestre do ano 2024).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.

- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 16 de Abril de 2024 ata o 16 de Xuño de 2024. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 3 de abril de 2024.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0931

O CORGO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

O Sr. Alcalde, por Decreto de 4 de xullo deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) para O segundo semestre de 2023**.

Por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquelen que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

ANUNCIO DE COBRANZA

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 5 de abril e o 5 de xuño de 2024, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES102080 0156 40311000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Abanca.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, segúndispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 2 de abril de 2024.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0920

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por DECRETO de Alcaldía de data 01/04/2024 aprobáronse as bases e a convocatoria dos proceso selectivo para a provisión con carácter temporal dunha a praza de técnico de xestión da biomasa ao abeiro do Programa Fomento do Emprego do Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC) debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 4 de abril de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0921

FOZ

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 25 de xaneiro de 2024, aprobatorio da ORDENANZA MUNICIPAL QUE REGULA AS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS (PPCPNT) POLOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO CICLO INTEGRAL DA AUGA: SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE FOZ

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS (PPCPNT) POLOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO CICLO INTEGRAL DA AUGA: SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE FOZ

Exposición de motivos

Consonte ao previsto no artigo 40.1 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, as Administracións titulares dos servizos de abastecemento e saneamento e depuración de augas, esixirán os tributos que lles correspondan de acordo co previsto na normativa de facendas locais, tendo en conta o principio de

recuperación dos custes dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custes medioambientais, e, particularmente, consonte co principio de quen contamina paga.

En tal sentido, a licitación dos servizos anteditos para a súa xestión indirecta, fai preciso aprobar as tarifas pola prestación dos servizos a través da presente Ordenanza, na modalidade de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias.

Polo tanto, e con pleno respecto dos principios consagrados nos arts. 128 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das Administracións Públicas, o Concello de Foz establece e regula as prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias pola prestación dos servizos públicos de competencia local correspondentes ao Ciclo Integral da Auga, que abrangue os servizos de subministración de auga potable, e de saneamento e depuración de augas residuais, mediante esta Ordenanza, medio legalmente esixido, como de menor intervención, e sempre tentando facilitar aos interesados o máis sinxelo cumprimento das obrigas nela contidas, a fin de obter os ingresos públicos minimamente precisos para garantir a continuidade do servizo e a súa viabilidade económica.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

De acordo coas facultades concedidas a esta entidade local polo artigo 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou a Lei reguladora das facendas locais, e na Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, tras a modificación operada nos referido textos legais polas Disposicións Finais Undécima e Duodécima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Concello de Foz establece as prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias pola prestación dos servizos públicos de competencia local correspondentes ao Ciclo Integral da Auga, que abrangue os servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Capítulo II. Prestacións patrimoniais de carácter público no tributario do servizo de abastecemento de auga potable

Artigo 2. Obxecto da prestación e servizos prestados.

1.- Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Foz en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión. En particular, a regulación das tarifas pola prestación dos servizos de subministración de auga potable e outras actividades conexas e complementarias de tales servizos.

2.- Os servizos que se prestan concrétnanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo e posible, dos servizos de abastecemento.

3.- Dentro da zona urbana, tódolos inmobles que dispoñan de acometida de abastecemento deberán aboar a cota fixa, aínda cando se atopen sen uso ou desocupados. Dita cota continuará devindicándose mentres exista a cometida á rede xeral, con independencia da situación de alta, baixa, ou suspensión do subministro cando proceda.

4.- Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe dos servizos técnicos municipais.

5.- Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento.

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica así como as entidades sen personalidades xurídica, tales como comunidades de bens ou herdanzas xacentes que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

A titularidade do servizo será a nome do propietario da vivenda, local ou industria independentemente que o recibo poida ser aboado polo arrendatario ou ocupante das mesmas.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4. Tarifas do servizo de abastecemento.

1.- O importe das tarifas pola prestación dos servizos establécese da seguinte forma:

a) Pola cota fixa de servizo establecida en cada caso máis a cota de variable.

b) A cota variable estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada bimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate.

c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, establécese unha cota variable de 30 m³ bimensuais no caso de usos domésticos e de 60 m³ bimensuais no caso de usos industriais.

d) No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificaráselle ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde o dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota estimarase en 90 m³ bimensuais, sen prexuízo das sancións que se podan impoñer en aplicación da normativa sectorial e municipal vixente en cada momento.

2.- No seguinte cadro fíxanse as cotas para cada uso (doméstico e comercial ou industrial).

CADRO I: Cotas servizo de abastecemento

Uso Doméstico e Comercial		Uso Industrial	
	Tarifa		Tarifa
Cota Fixa	10,5600 Eur/Bim	Cota Fixa	10,5600 Eur/Bim
Menos de 10 m ³ bimestre	0,0880 Eur/m ³	Menos de 10 m ³ bimestre	0,1760 Eur/m ³
Dende 10 a 25 m ³ bimestre	0,3520 Eur/m ³	Dende 10 a 50 m ³ bimestre	0,5280 Eur/m ³
Dende 25 a 50 m ³ bimestre	1,0560 Eur/m ³	Máis de 50 m ³ bimestre	0,9504 Eur/m ³
Máis de 50 m ³ bimestre	1,5840 Eur/m ³		

Mantemento de contador:

Ata 15 mm	1,0560 Euros/bimestre
De 18 a 25 mm	1,2496 Euros/bimestre
Máis de 25 mm	1,9008 Euros/bimestre

Artigo 5. Nacemento da obriga de pagamento

1. A obrigación de pago nace cando se inicie a actividade municipal de prestación do servizo que constitúe o seu suposto de esixencia, concretamente o abastecemento de auga potable.

Enténdese que nace a obrigación de pago cando se formalice o oportuno contrato de abonado, ou no seu caso, desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal ou a mesma deba terse solicitado.

O nacemento da obrigación de pago da tarifa por esta última modalidade producirase con independencia de que se obtivo ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente que poida tramitarse para a súa autorización.

2. A obrigación de pago polos servizos a que se refire o artigo 4, cando se trate de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nacen o momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nacen cando se solicita á entidade xestora o servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito ao seu esixencia.

Artigo 6. Normas de xestión

1.- Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural capacitada legalmente para contratar, ou xurídica á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

2.- A contratación realizarase nas oficinas da entidade xestora do servizo.

3.- Os abonos para o servizo solicitaranse calquera que sexa o uso ao que se destinan, mediante a oportuna petición de alta e subscripción do contrato de abono, no que o interesado declarará ademais da filiación e domicilio, fin e uso ao que destinará a auga, fronte da vivenda, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretenda e concesión e instalación do aproveitamento. As peticións levarán implícito o compromiso do peticionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

4.- Os contratos de abono serán facilitados ou cubertos gratuitamente pola oficina do servizo da entidade xestora.

5.- A alta no servizo produce de forma automática a alta na rede de saneamento e no servizo de depuración.

6.- A xestión, liquidación e recadación desta prestación patrimonial de carácter público realizarase conforme ao disposto nesta Ordenanza e, con carácter supletorio, conforme ao disposto na Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de recadación.

7.- Corresponderán á entidade xestora do servizo as operacións materiais de dita xestión, agás as relativas á recadación en vía executiva.

8.- As liquidacións practicadas en virtude desta Ordenanza serán obxecto de aprobación polo órgano competente do Concello de Foz.

Artigo 7.- Liquidación e ingreso

A liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario, obedecerá ás seguintes normas:

a) Abastecemento de auga: mediante lectura periódica do aparato contador, facturándose o consumo en recibo bimensual que será abonado nos prazos de pago previstos no acordo de aprobación adoptado polo Concello.

b) O pago do recibo -unificado de auga e saneamento e depuración- efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria.

c) Os recibos impagados serán exaccionados pola vía administrativa de prema.

d) As tarifas establecidas neste ordenanza non inclúen o Imposto do Valor Engadido (IVE) que lles será de aplicación en cada caso conforme á normativa vixente.

e) A declaración do inmovible estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, deberá ser comunicado polo abonado interesado que solicitará a correspondente baixa no servizo. En caso contrario, o abonado continuará suxeito ao pago da prestación e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

Capítulo III. Prestacións patrimoniais de carácter público no tributario do servizo de saneamento

Artigo 8.- Obxecto da prestación e servizos prestados.

1.- Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Foz en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión. En particular, a regulación das tarifas pola prestación dos servizos de saneamento e outras actividades conexas e complementarias de tal servizo.

2.- A este respecto, os servizos que se prestan concrétnanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo e posible, dos usos das redes de saneamento, entre os que se atopan:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de saneamento municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a vivendas, aloxamentos, locais, establecementos ou parcelas, a través da rede de saneamento municipal.

3.- Os servizos indicados no apartado 2 a) e b) do presente artigo serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento, deberán estar dotados destes servizos percibíndose as cotas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, ou incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota fixa.

4.- Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

5.- Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

Artigo 9.- Obrigados ao pagamento.

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica así como as entidades sen personalidades xurídica, tales como comunidades de bens ou herdanzas xacentes que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

A titularidade do servizo será a nome do propietario da vivenda, local ou industria independentemente que o recibo poida ser aboado polo arrendatario ou ocupante das mesmas.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 10.- Tarifas do servizo de saneamento.

1- O importe das tarifas pola prestación dos servizos establécese da seguinte forma: Pola tarifa de servizo de saneamento anual.

2.- No cadro fíxase a cotas única de saneamento, así como, as cotas por acometida.

CADRO I: Cotas de servizo saneamento.

USO	IMPORTE
Tarifa anual de saneamento	12,689 euros/ano
Tarifa única de acometida á rede de vivendas	9,02 euros
Tarifa única de acometida á rede baixos comerciais	18,03 euros

Artigo 11.- Nacemento da obriga de pagamento

1.- A obrigación de pagamento nace cando se inicie a actividade municipal de prestación do servizo que constitúe o seu suposto de esixencia, concretamente a acometida á rede de saneamento, sexa na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o solicitante a formulase expresamente, sexa desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento municipal con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para todos os terreos do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a rede de saneamento, sempre que a distancia entre a rede e o terreo non exceda de cen metros, e percibirase a cota aínda cando os interesados non efectúen a acometida á rede.

2.- A obrigación de pago polos servizos a que se refire o artigo 4, cando se trate de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nace no momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nacen cando se solicita á entidade xestora o servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito ao seu esixencia.

Artigo 12.- Normas de xestión

1.- Os obrigados ao pago, segundo indícase no artigo 10 desta ordenanza, formularán as declaracións de alta e baixa nas oficinas da entidade xestora do servizo no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do inmovible e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

2.- Igualmente, a alta no servizo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede ou ben se comprobe que os inmobles están enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento.

3.- As cotas esixibles pola prestación dos servizos facturaránse e recadaránse polos por período anual, no recibo de subministración e consumo de auga do cuarto bimestre do ano.

4.- No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude á entidade xestora, unha vez concedida aquela, practicarán o ingreso que proceda, que será un ingreso con carácter previo a calquera actuación.

5.- As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable non causarán efecto con carácter automático no da rede de saneamento, así como na depuración.

Artigo 13.- Liquidación e ingreso

A liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario, obedecerá ás seguintes normas:

- a) Saneamento: o pago do recibo de saneamento efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria en recibo anual que será abonado nos prazos de pago previstos no acordo de aprobación adoptado polo Concello.
- b) Os recibos impagados serán exaccionados pola vía administrativa de prema.
- c) As tarifas establecidas neste ordenanza non inclúen o Imposto do Valor Engadido (IVE) que lles será de aplicación en cada caso conforme á normativa vixente.
- e) A declaración do inmovible estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, deberá ser comunicado polo abonado interesado que solicitará a correspondente baixa no servizo. En caso contrario, o abonado continuará suxeito ao pago da prestación e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

Capítulo IV. Prestacións patrimoniais de carácter público no tributario do servizo de depuración de augas

Artigo 14.- Obxecto da prestación e servizos prestados.

1.- Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Foz en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión. En particular, a regulación das tarifas pola prestación ds servizo de depuración de augas residuais e outras actividades conexas e complementarias de tales servizos.

2.- A este respecto, os servizos que se prestan concrétnanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo e posible, dos uso s das redes de saneamento e os servizos de saneamento e depuración de augas residuais, entre os que se atopan:

- a) Tratamento das augas residuais nas EDAR municipais.
- b) A recepción e tratamento do contido de fosas sépticas para o seu posterior tratamento e depuración, nas EDAR municipais.

3.- Os servizos indicados no apartado 2 a) do presente artigo serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, todos os inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento, deberán estar dotados destes servizos percibíndose as cotas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche á rede xeral, ou incluso se o inmovible se atope sen uso ou sen ocupar, neste caso aboarase a cota fixa.

4.- Entenderase como vivenda susceptible de ser habitada aquela que dispoña dos servizos que posibilitan a súa ocupación: subministración de enerxía eléctrica e redes de abastecemento de auga e saneamento, no seu caso, agás no caso de que o inmovible estea declarado en estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, circunstancia que deberá acreditarse por informe da Policía Local ou, no seu caso, polos servizos técnicos municipais.

5.- Presumirase que unha vivenda está ocupada cando se produza consumo de auga, de enerxía eléctrica ou de calquera outra subministración.

6.- O servizo indicado no apartado b) será de recepción obrigatoria a tódalas fosas sépticas de vivendas ou fosas sépticas asimilables, sempre que a capacidade das instalacións municipais o permita.

7.- No caso de vivendas, locais comerciais e industriais situados a menos de cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento, que dispoñan de subministración a través de comunidades de augas veciñais ou similares, ou ben, contén cun sistema de captación debidamente autorizado, deberán instalar un contador de medida que permita a súa lectura e comprobación por parte da entidade concesionaria do servizo ó obxecto de determinar a correspondente cota variable, polo que o devandito aparello deberá estar situado nun lugar accesible para o persoal lector desta empresa ou técnicos municipais.

9.- No suposto de non instalar este aparello de medida, nun prazo de tres meses dende a comunicación por parte da concesionaria, poderase facturar a cota estimada en 30 m3 bimensuais.

Artigo 15.- Obrigados ao pagamento.

1.- É suxeito obrigado ao pagamento a persoa física ou xurídica así como as entidades sen personalidades xurídica, tales como comunidades de bens ou herdanzas xacentes que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.

A titularidade do servizo será a nome do propietario da vivenda, local ou industria independentemente que o recibo poida ser aboadado polo arrendatario ou ocupante das mesmas.

2.- Serán responsables subsidiarios do pagamento os propietarios dos inmobles nos que se presten os servizos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 16.- Tarifas do servizo de depuración

1.- O importe das tarifas pola prestación dos servizos establécese da seguinte forma:

a) Pola cota/tarifa fixa de servizo establecida en cada caso máis a cota/tarifa variable.

b) A cota variable estará determinada polo volume de auga consumida por contador. Será o produto do volume de auga consumida por contador por cada bimestre, expresada en metros cúbicos multiplicada polo prezo por metro cúbico correspondente ao tramo de consumo e o grupo de actividade do que se trate.

c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, establécese unha cota variable de 30 m³ bimensuais no caso de usos domésticos e de 60 m³ bimensuais no caso de usos industriais.

d) No caso de usuarios domésticos, se a falta de medición se debe á carencia de contador, notificaráselle ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde o dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota estimarase en 90 m³ bimensuais, sen prexuízo das sancións que se podan impoñer en aplicación da normativa sectorial e municipal vixente en cada momento.

2.- No seguinte cadro fíxanse as cotas consumo para cada uso (doméstico e comercial ou industrial).

CADRO I: Cotas servizo de depuración

USO	CONSUMO	IMPORTE
DOMÉSTICO E COMERCIAL	Ata 30 m ³ /bimestre	12,3200 Eur/Bim
	Cada m ³ adicional a 30 m ³	0,1760 Eur/m ³
INDUSTRIAL	Ata 30 m ³ /bimestre	19,3600 Eur/Bim
	Cada m ³ adicional a 30 m ³	0,7040 Eur/m ³

Artigo 17.- Nacemento da obriga de pagamento

1.- A obrigación de pagamento nace cando se inicie a actividade municipal de prestación do servizo que constitúe o seu suposto de esixencia, concretamente o depuración de auga, sexa na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o solicitante a formulase expresamente, sexa desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento municipal con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- A obrigación de pago cando se trate de actividades ou servizos de tracto sucesivo ou aos que corresponde facturación periódica, nace no momento en que se formalice o contrato ou póliza de abono e, cando se trate de actividades puntuais, nacen cando se solicita á entidade xestora o servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito ao seu esixencia.

Artigo 18.- Normas de xestión

1.- Os obrigados ao pago, segundo indicase no artigo 14 desta ordenanza, formularán as declaracións de alta e baixa nas oficinas da entidade xestora do servizo. no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do inmovible e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

2.- Igualmente, a alta no servizo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede ou ben se comprobe que os inmovibles están enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de saneamento.

3.- As cotas esixibles pola prestación dos servizos facturaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración de auga.

4.- No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude á entidade xestora, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

5.- As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable causarán efecto con carácter automático no da rede de saneamento, así como na depuración.

Artigo 19.- Liquidación e ingreso

A liquidación e ingreso da prestación patrimonial de carácter público non tributario, obedecerá ás seguintes normas:

- a) O pago do recibo unificado de auga, lixo e saneamento e depuración efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria en recibo trimestral que será abonado nos prazos de pago previstos no acordo de aprobación adoptado polo Concello.
- b) Os recibos impagados serán exaccionados pola vía administrativa de prema.
- c) As tarifas establecidas neste ordenanza non inclúen o Imposto do Valor Engadido (IVE) que lles será de aplicación en cada caso conforme á normativa vixente.
- e) A declaración do inmovible estado de ruína ou presente síntomas manifestos que impidan o uso residencial, deberá ser comunicado polo abonado interesado que solicitará a correspondente baixa no servizo. En caso contrario, o abonado continuará suxeito ao pago da prestación e ás demais responsabilidades que poidan derivarse do uso do servizo.

Capítulo IV. Disposicións comúns ás prestacións patrimoniais**Artigo 20 . Normas comúns de xestión.**

1.- A facturación do importe resultante da aplicación das tarifas pola prestación dos servizos de carácter periódico regulados na presente ordenanza farase bimestralmente, en xeral, mediante recibo, fóra do caso de fraude que se fará por actas de inspección, así como, do servizo de saneamento que se practicará conforme ao previsto no artigo 12 desta ordenanza.

No devandito recibo poderán incluírse, no seu caso, outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos municipais, tales como a taxa de lixo, canons autonómicos, etc.

2.- En caso de alta ou baixa dos servizos as cotas bimensuais se facturarán prorrateándose por días naturais, de maneira que, no trimestre no que se produza un alta, esixirase a cota que corresponda desde o día do alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e, no bimestre no que se produza a baixa, esixirase a cota que corresponda desde o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive.

Disposición Final

1.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2.- Para o non previsto na presente ordenanza, será de aplicación, subsidiariamente, o previsto no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición Derrogatoria

A aprobación definitiva da presente ordenanza fiscal conleva a derogación da vixente Ordenanza reguladora da taxa polo servizo municipal de rede de saneamento; da ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizo de depuración de augas residuais, así como, da ordenanza reguladora da taxa polo servizo municipal de subministro de auga potable, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalación análogas, cando tales servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia .

Foz, 4 de abril de 2024.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 0922

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria elección de Xuíz/a de Paz Titular do Concello de Guitiriz

A presente convocatoria, aprobada por decreto de alcaldía de data 3/04/2024, ten por finalidade a elección de Xuíz/a de Paz Titular do Concello de Guitiriz, polo Pleno do Concello, entre as persoas que reunindo os requisitos legais o soliciten.

Prazo: Fíxase un prazo de presentación de solicitudes de **15 días hábiles** a contar dende o seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Condicións legais: Poderá ser nomeado Xuíz/a de Paz Titular quen, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, e non se atopen incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidades previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

-Ser español

-Ser maior de idade

-Non estar incapacitado, segundo o establecido no artigo 33 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

-Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da dita LOPX, no que sexa de aplicación aos Xuíces de Paz.

Duración: O Xuíz de Paz será nomeado por un período de catro anos.

Documentación: Os candidatos/as que desexen participar deberán presentar unha solicitude no rexistro municipal, subscrita polo interesado/a, no que se axuntará os documentos seguintes:

-Certificado de nacemento ou fotocopia cotexada do DNI.

-Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá.

-Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

-Declaración xurada de non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da LOPX no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.”

Guitiriz, 4 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0923

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **1/04/2024**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **MARZO** de 2024, polo importe total de **3.813,57€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de abril de 2024.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 0924

A PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL) PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

Por Resolución de Alcaldía de data 04/04/2024 aprobaronse as bases que rexerán a formación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal (Técnico de educación infantil) para o Punto de Atención á Infancia.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Cinco días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello de 09:00 a 14:00 horas, tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal

(<https://apastoriza.sedelectronica.gal>) e na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, segundo o establecido nas bases.

BASES REGULADORAS: publicadas na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios.

A Pastoriza, 5 de abril de 2024.- O Alcalde- Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 0932

Anuncio

CONVOCATORIA PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (PERSOAL DE APOIO) PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

Por Resolución de Alcaldía de data 04/04/2024 aprobaronse as bases que rexerán a formación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal (Persoal de apoio) para o Punto de Atención á Infancia.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Cinco días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello de 09:00 a 14:00 horas, tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (<https://apastoriza.sedelectronica.gal>) e na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, segundo o establecido nas bases.

BASES REGULADORAS: publicadas na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios.

Pastoriza, 5 de abril de 2024.- O Alcalde- Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 0933

O SAVIÑO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PUBLICO 2024

Por Resolución de Alcaldía de data 03/04/2024 (Decreto 2024-0095), aprobouse a Oferta de Emprego Público para 2024 deste concello (Expte. 60/2024), e de conformidade co disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; no artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local; e no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, procédese á súa publicación.

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:

DENOMINACION	Nº Prazas	GR/CD	ESCALA	SUBESCALA	Acceso	Sistema
Auxiliar Administrativo	2	C2/16	Adm. Xeral	Auxiliar	libre	Oposición

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que estime máis conveniente ao seu dereito.

O Saviño, 4 de abril de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0925

TABOADA

*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 04.04.2024 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 04.04.2024 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS no marco PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.**

- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.323,00**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 4 de abril de 2024.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0926